

II. AUTORIDADES E PERSOAL

b) NOMEAMENTOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Corrección de erros.-Orde do 31 de xaneiro de 2008 pola que se designa suplente da persoa titular da Dirección da Academia Galega de Seguridade Pública.

Advertido erro na devandita orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 23, do venres, 1 de febreiro de 2008, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 1.881, no punto primeiro, onde di: «..., para os supostos de vacante, ausencia ou enfermidade desta persoa titular...», debe dicir: «..., para os supostos de vacante, ausencia ou enfermidade desta a persoa titular...».

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 14 de xaneiro de 2008 pola que se autoriza o cambio de denominación do colexio de educación infantil e primaria da Valenzá, concello de Barbadás, provincia de Ourense.

Tendo en conta o artigo 8 punto 1º do anexo do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, así como os correspondentes informes, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, esta consellería

DISPÓN:

Autorizar o cambio de denominación do centro que se relaciona no anexo a esta orde.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Provincia: Ourense.
Concello: Barbadás.
Localidade: A Valenzá (San Bernabeu).
Código do centro: 32020781.
Denominación: Colexio de Educación Infantil e Primaria da Valenzá.
Nova denominación: Colexio de Educación Infantil e Primaria O Ruxidoiro.

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Resolución do 16 de xaneiro de 2008 pola que se publica a concesión do premio Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural.

Pola Resolución do 23 de marzo de 2007 (DOG nº 72, do 13 de abril) aprobouse o Regulamento do premio Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural e convocouse o correspondente ao ano 2007.

O 16 de novembro de 2007 o xurado, constituído segundo o artigo 5 do citado regulamento, seleccionou as candidaturas premiadas, de acordo cos criterios e nos termos previstos nos artigos 6 e 7 desta norma.

O artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dispón que os órganos administrativos concedentes publicarán no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas.

Tendo en conta o anterior,

RESOLVO:

Publicar a selección das candidaturas premiadas ao abeiro da Resolución do 23 de marzo de 2007, pola que se aproba Regulamento do premio Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural e se convoca o correspondente ao ano 2007, nos seguintes termos:

1º premio:

-Candidatura: *Bicoop S.C.G.*: proxecto consolidado de desenvolvemento rural ecolóxico.

Importe: 25.000 €.

2º premio:

-Candidatura: Confraría de Pescadores de Lira: proxecto de desenvolvemento rural ecolóxico.

Importe: 14.000 €.

3º premio:

-Candidatura: *Delicias do Souto, S.C.*

Importe: 6.000 €.

Premio especial para mozos/as:

-Candidatura: *Cabras do Xurés, S.L.*

Importe: 7.500 €.

-Candidatura: *Ecocelta Galicia S.L.N.E.*: xestión de residuos agrogandeiros a través da vermicompostaxe.

Importe: 7.500 €.

Os premios fináncianse con cargo á conta orzamentaria 02.01 02/05/01 656800 dos orzamentos de Agader.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2008.

Edelmiro López Iglesias
Director xeral de Axencia Galega
de Desenvolvemento Rural